

Lido ás portas de San Domingo de Bonaval

O 25 de maio de 1891 tivo lugar a translación dos restos mortais de Rosalía de Castro do cemiterio de Adina (Iria Flavia, Padrón) a San Domingos de Bonaval.

Co mesmo percorrido que hoxe fixemos no tren *Follas Novas* e polas rúas de Compostela.

Foi unha iniciativa do Centro Galego da Habana, do Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, de Santiago, polo tanto á marxe do poder político e cultural oficiais.

O Arcebispo de Santiago, José María Martín Herrera, de acordo con varios capitulares, negou a licenza para predicar a oración no acto fúnebre en honor de Rosalía, pois puñan en dúbida a súa ortodoxia relixiosa.

Ningunha súplica fixo que o Arcebispo revocase a súa orde de non conceder un funeral con eloxio, como se lle facía a todas as persoas ilustres (así consta nos xornais do día 26 de maio de 1891). Murguía, que fora impulsor dos actos, e os fillos do matrimonio, estiveron ausentes del, sen dúbida anoxados polas mesquindades dificultades xurdidas.

Así hoxe, vimos aquí, en honra á muller que coas súa mans luminosas, coa súa palabra, sostivo a lingua galega contra o silencio que era fillo dunha escuridade de séculos.

En celebración da obra da nosa poeta nacional, para que non poida ser cuberto o corpo vivo da súa obra por un novo sudario de silencio, vimos hoxe a Bonaval.

Vimos hoxe aquí, ao Panteón de Galegos Ilustres, porque non podemos permitir que tutelén os nosos símbolos nacionais institucións como a Igrexa, que sempre viviu de costas ao devir do noso pobo, da nosa cultura, do noso idioma.

Vimos como hai cento vinte e cinco anos, coma aqueles admirábeis homes e mulleres que trouxeron aquí, a unha igrexa desamortizada, a un espazo de titularidade pública e de uso civil e laico, o corpo da nosa poeta, e que non toleraron fose marxinalizada e a ergueron coma bandeira de todo un pobo a se redimir; como naquel entón, vimos honrala e reivindicala.

Mais antes de entrar ao Panteón onde mora o corpo da nosa Poeta quixeramos falar coa máxima clareza:

Non entramos no noso Panteón libremente, senón que entramos despois de termos solicitado por escrito ao Arcebispado e por escrito térsenos dado permiso a acceder ao edificio que foi, é, e será patrimonio de todo o pobo galego, e entramos sabedores de que o anuncio destes actos de reivindicación franquearon hoxe as portas, pechadas até onte, e que sempre deberan estar abertas.

Non admitimos esta situación de entrada tutelada pola Igrexa. Queremos vir aquí, ao lugar onde moran os seres cuxa memoria amamos e da que precisamos como sustento colectivo, sen máis normas que as que establece o respecto a eles e as que corresponden a un edificio laico, de titularidade e uso públicos e, en consecuencia, de xestión pública.

Queremos vir e viremos e non calaremos ate que haxa unha situación de normalidade para os nosos símbolos nacionais, aqueles nos que o noso pobo se recoñece.

A entrada a honrar os símbolos nacionais da Galiza ten que ter a única tutela do pobo galego, e cuxo alicerce de xestión sexa o consenso.

O pobo galego representado:

a) Nas súas institucións eleitas democraticamente, nomeadamente, o Parlamento Galego.

b) Aquelas outras institucións con práctica contrastada na defensa da nosa cultura, do noso idioma.

c) E este corpo social e cultural organizado e de práctica activa ao longo de décadas e décadas que hoxe aquí representan estas duascenas seis asociacións e colectivos, que son o tecido social activo que hoxe nos acompañades e que tedes, temos, a lexitimidade histórica de ter mantido en pé, viva, a obra e o exemplo vital dos fundadores da nación e que nunca adoptamos unha actitude submisa e de entrega aos inimigos da cultura galega e do noso idioma, e en consecuencia non podemos ser marxidados de calquera decisión sobre os nosos símbolos nacionais.

Son eses mesmos colectivos, entre os que está a Asociación de Escritores en Lingua Galega, que vimos hoxe, e viremos unha e outra vez a San Domingo de Bonaval, por que non nos resignamos vimos e viremos, porque non renunciámos a Rosalía de Castro porque non renunciámos á Patria Galega.

Compostela, 15 de xullo de 2010